



RESUMO PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO	INGLÉS
ASIGNATURA	Inglés
ANO ACADÉMICO	2018-2019
CURSO	1º ESO

CONTIDOS	<p>1) Comprensión de textos orais. Estratexias de comprensión: -Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e de tema. -Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. -Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes). -Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. -Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. -Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal .</p> <p>Funcións comunicativas: - Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. - Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades. - Narración de acontecementos pasados, puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes e expresión de sucesos futuros. - Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos advertencias e avisos. - Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura. - Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. - Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa e os seus contrarios. - Fórmula de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. - Estabelecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.</p> <p>Estruturas sintáctico-discursivas.* Léxico oral de uso común (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorno; actividades da vida cotiá; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e</p>
-----------------	---



vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e contorno natural; e Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.

2) Producción de textos orais.

Estratexias de produción:

Planificación

- Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.

- Adecuar o texto ao destinatario, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso.

Execución

- Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, no seu caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.

- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñíbeis.

- Apoiarse e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe “prefabricada”, etc.).

- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais:

Lingüísticos

- Modificar palabras de significado parecido.

- Definir ou parafrasear un termo ou expresión.

Paralingüísticos e paratextuais

- Pedir axuda.

- Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.

- Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica).

- Usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.

Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.

- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.

- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.

- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.

- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.

- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.

- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a



satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.
- Estabelecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.

Estruturas sintáctico-discursivas.*

Léxico oral de uso común (produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorno; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e contorno natural; e Tecnoloxías da información e da comunicación.

Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.

3) Comprensión de textos escritos.

Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais).
- Formulación de hipótese sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.

Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.
- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.
- Estabelecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.

Estruturas sintáctico-discursivas.*

Léxico escrito de uso común (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorno; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e



vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e contorno natural; e Tecnoloxías da información e da comunicación.

Patróns gráficos e convencións ortográficas.

4) Producción de textos escritos.

Estratexias de produción: Planificación

- Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir, etc.).
- Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda, etc.).

Execución

- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñíbeis.
- Intentar sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada"). etc.).

Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.

Funcións comunicativas:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.
- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.
- Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.
- Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.
- Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza, a sorpresa, e os seus contrarios.
- Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.
- Estabelecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.

Estruturas sintáctico-discursivas.*

Léxico escrito de uso común (produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorno; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e contorno natural; e Tecnoloxías da información e da comunicación.

Patróns gráficos e convencións ortográficas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. PUNTA CANDIEIRA

Rúa do Ensino SN 15350 Cedeira (A CORUÑA)

TEL.: 981 48 12 02 – FAX: 981 48 28 93

E-mail: ies.puntacandieira@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.es/iespuntacandieira/>



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

--	--